

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE FEBREIRO DE 2021

Ás 13:07 horas do día 24 de febreiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 19 de febreiro de 2021, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 7)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguillón e Vista Alegre" (684-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 19 de febreiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

1. UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA. S.L.
2. XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:21	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA147-CBD32F-47222B-P4MB1U-MSH65X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 19 de febreiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ORECO, S.A.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto de tramitación ordinaria do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de VigoZoo. (exp. 10483-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:21	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA147-CBD32F-47222B-P4MB1U-MSH65X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



redactado polo Conservador de VigoZoo o 02/11/2020 e polo Veterinario o 25/11/2020, e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación o 17/12/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 116.992,99 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (20.304,57 €). A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.227.99.01 "Servizo Reptilario".

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 11 de febreiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	DIEGO BALLESTEROS PEINADO	90 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO, o día 12 de febreiro de 2021, que presenta a documentación requirida os días 16, 18 e 22 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:21	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA147-CBD32F-47222B-P4MB1U-MSH65X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 8 de febreiro de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación do 11 de febreiro de 2021 polo que se outorga ao único licitador presentado a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a D. DIEGO BALLESTEROS PEINADO (**.*15.00*) o procedemento procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e xestión do Exotarium e Nocturama de Vigozoo (10.483-612) coas seguintes condicións por un prezo total de 116.765,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 20.265,00 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:15



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:21	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA147-CBD32F-47222B-P4MB1U-MSH65X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 18:21	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA147-CBD32F-47222B-P4MB1U-MSH65X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		